



Danza da Sabedoría

Carme Soto Varela¹

Velaí a Sabedoría que chama,
ergue a súa voz

Nos cumios, á beira dos camiños,

Apóstase nas congostras,

Xunto ás portas da cidade,

A carón das cancelas, pregoa:

É por vós, mulleres e homes, por quen chamo,

A miña voz diríxese á humanidade...

Escoitádeme, fillos e fillas desta terra,

Abrídeme as portas das vosas esperanzas e soños

Non vos deixedes intimidar por quen pon límites ás vosas inquedanzas. Rompede os abismos que vos separan da xustiza

Deixade espazo para que entre o aturuxo solemne da santa Ruah

E naquel día a sabedoría convidou a un banquete as nosas antepasadas, aquelas que ao longo da historia escoitaran a súa voz, aquelas que xunto a Miriam souberon danzar o carón do mar.

Coa súa danza proclamaron a liberdade de todas e todos os que sufriron escravitude pola súa raza, condición, xénero, crenzas e calquera outra opresión nada da inxustiza humana.

1 Carme Soto Varela é relixiosa Serva de San Xosé, licenciada en Historia Contemporánea pola U. de Santiago de Compostela e doutora en Teoloxía, na especialidade de Biblia pola U. Pontificia Comillas (Madrid). É pertence a Asociación de Teólogas Españolas e a Asociación Bíblica Española, así como ao Consello de Redacción das revistas Encrucillada e Reseña Bíblica.